

ACTA N.º 02 / 2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Luns, 5 de SETEMBRO de 2022
HORA	17:30 horas
LUGAR	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • VICEPRESIDENTA: M^a DEL PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIO: LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: ROBERTO GARCÍA PERNAS (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: DOLORES CASTRO OCHOA (SUPLENTE)- Incorporárase ás 17:43 h • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE) • GRUPO PROVINCIAL BNG: TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (TITULAR)- Incorporárase ás 17:38 h • CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA: CESÁREO GONZÁLEZ PARDAL (SUPLENTE) • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JACOBO GARCÍA-BOBADILLA PROSPER (SUPLENTE) • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN GALLEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: MARÍA ANTONIA LÓPEZ FRAGA (SUPLENTE) • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)

	IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Fecha y Hora	08/09/2022 12:19:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Página	1/4



	<ul style="list-style-type: none"> • FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE) • AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE) • RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: PURIFICACIÓN MARTUL VÁZQUEZ (SUPLENTE) • RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)
--	--

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 25 de febreiro de 2022.

2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, ao “Premio Turismo Sostible” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2022.

DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 17:30 horas, unha vez tomada nota da asistencia, a Vicepresidenta do Consello de Turismo dá paso aos puntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 25 de febreiro de 2022.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo pregunta se algún dos asistentes desexa realizar algunha puntualización relativa á acta. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión, sométese a votación, quedando aprobada con 12 votos a favor e con 2 abstencións correspondentes ao Clúster de Turismo de Galicia e á Reserva da Biosfera Terras do Miño.

2º.-Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, ao “Premio Turismo Sostible” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2022.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello de Turismo, Pilar García Porto, que intervén para dar a benvinda aos asistentes, lembrando que a sesión foi convocada para avaliar as candidaturas da terceira edición dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, e tamén a nova categoría de Turismo Sostible, galardóns cos que a Deputación contribúe a dar recoñecemento, visibilidade e promoción á oferta turística e gastronómica da provincia co fin de atraer visitantes, xerar riqueza, fomentar o emprego, incentivar a modernización do sector e xerar propostas innovadoras, suxerentes e adaptadas

	IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Fecha y Hora	08/09/2022 12:19:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Página	2/4



aos novos tempos. Continúa a intervención lembrando que este ano, coincidindo coa celebración da Copa España Creativa - Forum Lugo 2022, convócase un novo premio para recoñecer o turismo sostible, que se entregará unicamente nesta edición.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo sinala deseguido que o perfil das candidaturas a avaliar reflicte moi ben o modelo de turismo cara o que se está a avanzar na provincia de Lugo e as posibilidades que ten de cara ao futuro: un turismo sostible, non masificado, que pon en valor o patrimonio, a cultura, a gastronomía e a paisaxe e que contribúe a xerar riqueza e emprego no rural a través dunha oferta cada vez máis diversificada. Precisamente, co obxectivo de incentivar este tipo de turismo, sinala que dende a Deputación de Lugo se está a levar a cabo unha estratexia que se traduce en iniciativas concretas, como son as xornadas gastronómicas e de lecer Saborea a túa Provincia; o programa de turismo deportivo e de aventura Actívate; as actividades fluviais; as rutas e as guías do románico; as rutas en catamarán pola Ribeira Sacra ou o programa Coñece a túa Provincia, ademais de numerosas colaboracións con asociacións e colectivos de toda a provincia para manter e para ampliar a oferta turística do territorio.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo valora as boas cifras de actividade acadadas no verán polo sector hostaleiro e turístico da provincia de Lugo, mencionando que, segundo declaracións recentes da propia Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería, todas as zonas da provincia de Lugo superaron o 80% de ocupación hoteleira durante o mes de agosto, e zonas como A Mariña e a Ribeira Sacra mesmo alcanzaron o 95% durante a ponte do día 15 de agosto.

A intervención introdutoria da Vicepresidenta do Consello de Turismo conclúe poñendo de manifesto a intención, por parte da Deputación, de seguir traballando como ata o de agora, na liña de diálogo e colaboración co tecido asociativo e produtivo para avanzar cara ao turismo de calidade e sostible, con capacidade para atraer xente durante todo o ano, diversificando a oferta e poñéndoa en valor, un obxectivo ao que contribúen os premios que se fallan nesta sesión do Consello de Turismo.

A continuación, e co fin de avanzar coas deliberacións correspondentes a este segundo punto da orde do día, a Vicepresidenta do Consello de Turismo lembra que foi remitida a todas as entidades integrantes do Consello a documentación sobre as candidaturas presentadas para cada unha das categorías de premios convocados, unha vez comprobado que a documentación remitida se axustaba ao establecido nas bases da convocatoria, polo que non sería necesario realizar un amplo repaso de cada unha delas. Por este motivo, pasa a citar as candidaturas recibidas por cada unha das categorías con indicación de que se algún dos asistentes desexa facer algunha observación, pode tomar a palabra antes de pasar á categoría seguinte.

No que se refire ás candidaturas presentadas aos Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense", recibíronse a do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa, a do Concello da Fonsagrada pola organización da Feira do Butelo e unha terceira candidatura presentada polo Concello de Viveiro para poñer en valor a merluza do pincho de Celeiro coa celebración da XXIII Edición da Festa da Merluza que organiza a Asociación Cultural e Deportiva Penalba.

	IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Fecha y Hora	08/09/2022 12:19:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Página	3/4



A Vicepresidenta lembra que é posible outorgar ata un máximo de tres premios por categoría e que estes premios non teñen unha orde específica xerarquizada, polo que a proposta que realiza é que as tres candidaturas resulten galardoadas.

En canto á categoría “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” recibíronse tamén tres candidaturas: a da Asociación de Veciños de Vilachá de Salvadur pola súa labor en materia de recuperación de bens do patrimonio natural e cultural e por accións de embelecemento da paisaxe; a do Concello de Lourenzá pola ruta da faba, que pon en valor o equipo de persoas e entidades que participan nesta iniciativa e, por último, a candidatura da Fundación Xosé Soto de Fión pola súa traxectoria de 20 anos traballando pola recuperación e divulgación do patrimonio material e inmaterial da Ribeira Sacra e dos Ancares.

A Vicepresidenta propón que, tendo en conta que se recibiron tres candidaturas e dada a posibilidade de facer entrega de tres galardóns dentro desta modalidade, se manteña o mesmo criterio que para os premios de gastronomía e sexan concedidos ás tres entidades.

No que se refire á categoría Premio Turismo Sostible que se convoca con carácter especial nesta anualidade ao coincidir co Forum Lugo 2022, sinala que foi recibida unha única candidatura presentada polo Glamping Cabana das Chousas, unha iniciativa que trata de adaptarse aos novos valores do consumo responsable e sostible cos que os viaxeiros están cada vez máis sensibilizados. Tendo en conta que se trata dunha única candidatura para un galardón, a Vicepresidenta do Consello de Turismo propón novamente concederlle o premio de forma directa.

Tralo estudo das candidaturas presentadas, o Consello de Turismo acorda por unanimidade elevar á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo a proposta de concesión directa dos galardóns para cada unha das modalidades.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión extraordinaria do Consello de Turismo, sendo as 17:50 horas.

Vº. e pr.

A Vicepresidenta,

O Secretario,

Mª del Pilar García Porto

Luis Jesús Fernández Reija

	IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Fecha y Hora	08/09/2022 12:19:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQKS5LZ5YLSJOZUGVH5AF6E	Página	4/4

